

Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2008

NOTA DE PRENSA

Un de cada cinco fogares galegos está composto por persoas de 65 ou máis anos


O 29% do total de ingresos dos fogares galegos procede das prestacións

Composición dos fogares

A día 31 de decembro de 2008 existen en Galicia 1.019.585 fogares, dos cales o 19,6% está constituído por unha única persoa, o 30,1% por dúas, o 24,6% por tres e o 25,7% restante conta con catro ou máis membros.

Fogares segundo o número de persoas. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

Por tipoloxías, a máis habitual é a formada por unha parella con fillos (35,2% do total de fogares). Por provincias, Lugo e Ourense son as que contan cunha menor porcentaxe de fogares desta tipoloxía, mentres que a porcentaxe de fogares unipersoais é maior (arredor de un de cada catro fogares).

Fogares segundo a tipoloxía do fogar. Galicia e provincias. Ano 2008

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Unipersoal	19,6	18,3	24,1	25,3	17,3
Sen núcleo	2,6	2,5	3,1	2,3	2,5
Parella con fillos	35,2	36,3	28,7	31,2	38,1
Parella sen fillos	21,4	21,8	20,4	24,8	20,0
Monoparental	8,6	8,8	9,5	7,2	8,7
Un núcleo e outros	8,5	8,3	9,4	7,2	8,9
Varios núcleos	4,0	4,0	4,8	2,0	4,7
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

En Galicia existen 211.101 fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos, o que supón o 20,7% do total de fogares galegos. Pontevedra é a provincia cunha menor porcentaxe de fogares deste tipo (16,9%) e no outro extremo atópase Ourense cun 29,5%.

Fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Galicia e provincias. Ano 2008

Número e porcentaxes

	Número	Porcentaxe
Galicia	211.101	20,7%
A Coruña	79.452	19,0%
Lugo	35.291	26,4%
Ourense	40.096	29,5%
Pontevedra	56.261	16,9%

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

O 75% dos mozos e mozas galegos de entre 18 e 29 anos vive cos pais, dos cales o 50,8% ten ingresos procedentes só do traballo.

Mozos que viven cos pais segundo a tipoloxía de ingresos. Galicia. Ano 2008

Número e porcentaxes

	Número	Porcentaxe
Sen ingresos	96.093	33,1
Ingresos do traballo	147.469	50,8
Ingresos por prestacións	10.244	3,5
Ingresos do traballo e prestacións	16.623	5,7
Outros ingresos	19.818	6,8
Total	290.248	100

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

Os datos fan referencia á poboación de 18 a 29 anos

Dos sete grandes concellos de Galicia, Pontevedra e Vigo son os que presentan unha maior porcentaxe de fogares formados por unha parella con fillos (un 45,3% e un 39,7%, respectivamente), mentres que Ferrol é o que conta cunha maior porcentaxe de fogares unipersoais (22,5%).

Por outra banda, en Ferrol un de cada catro fogares está composto por persoas de 65 ou máis anos, sendo o único dos sete grandes concellos que presenta unha porcentaxe deste tipo de fogar maior á media galega (20,7%).

Situación demográfica. Grandes concellos. Ano 2008

Número e porcentaxes

	Concellos						
	A Coruña	Santiago de Compostela	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Número de fogares	95.375	34.346	29.105	34.532	40.509	27.193	105.306
Número medio de persoas no fogar	2,5	2,7	2,5	2,7	2,5	2,8	2,8
Porcentaxe de fogares segundo a tipoloxía							
Unipersoal	19,6	18,9	22,5	20,9	19,6	15,9	17,2
Parella con fillos	36,9	35,0	37,0	36,3	36,0	45,3	39,7
Parella sen fillos	23,9	18,3	21,3	17,0	23,1	17,8	19,6
Monoparental	10,3	13,1	9,3	13,0	11,4	10,9	9,4
Outro tipo	9,3	14,8	9,9	12,8	9,9	10,2	14,1
Porcentaxe de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos	19,9	14,1	25,0	16,0	18,8	15,7	16,3


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

A categoría "outro tipo" inclúe: "sen núcleo", "un núcleo e outros" e "varios núcleos".

Por áreas xeográficas, na área sur de Ourense o 36,5% dos fogares está composto por persoas de 65 ou máis anos. No extremo oposto sitúase a área de Santiago de Compostela cun 14% de fogares desta tipoloxía.

Porcentaxe de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Áreas. Ano 2008



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias


Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

Situación económica

No ano 2008 o ingreso medio mensual dos fogares galegos acada os 2.029 euros, cifra moi similar á do ano anterior. Por provincias, son A Coruña e Pontevedra as que presentan maiores ingresos medios mensuais (2.152 e 2.052 euros, respectivamente). Ourense, con 1.659 euros ao mes, é a que presenta ingresos máis baixos.

Ingreso medio mensual por fogar. Galicia e provincias. Anos 2007 e 2008

Euros



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O 56,2% dos ingresos dos fogares galegos procede do traballo por conta allea, o 11,9% do traballo por conta propia, o 28,9% de prestacións e o 3% restante de rendas e outros ingresos. Pontevedra e A Coruña son as provincias con maiores porcentaxes de ingresos procedentes

do traballo (70,9% e 69%, respectivamente) mentres que Lugo e Ourense son as que contan con maiores porcentaxes de ingresos procedentes de prestacións.

Estrutura de ingresos dos fogares. Galicia e provincias. Ano 2008

Porcentaxes


	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Traballo conta allea	56,2	57,4	48,5	50,1	59,6
Traballo conta propia	11,9	11,6	13,7	12,7	11,3
Prestacións	28,9	27,7	33,3	35,4	26,7
Rendas e outros ingresos	3,0	3,3	4,6	1,8	2,4
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Con respecto ao ano 2007 produciuse unha diminución na porcentaxe de ingresos procedentes do traballo, tanto por conta allea como por conta propia, e un aumento na porcentaxe de ingresos procedentes das prestacións e das rendas e outros ingresos.

Estrutura de ingresos dos fogares. Galicia. Anos 2007 e 2008

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No 26,3% dos fogares galegos o 100% dos seus ingresos provén das prestacións. Na provincia de Ourense esta porcentaxe acada o 39,2%.

Fogares nos que os ingresos por prestacións representan máis dun 50%, 75% ou 100% do total dos seus ingresos. Ano 2008

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Máis dun 50%	38,3	36,2	44,2	48,7	34,2
Máis dun 75%	30,6	28,3	35,5	42,4	26,6
O 100%	26,3	23,9	29,5	39,2	22,6

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No ano 2008 a taxa de risco de pobreza de Galicia sitúase no 13,9%. Esta taxa calcúlase como a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Ao tomar ingresos equivalentes corríxese o efecto que produce o número de persoas do fogar no volume de ingresos. Para calcular as unidades de consumo asígnase un 1 ao primeiro adulto do fogar, 0,5 ao resto de adultos (persoas de 14 ou máis anos dese fogar) e 0,3 a cada neno do fogar (menores de 14 anos).

O limiar depende, polo tanto, do número de persoas que compoñen o fogar. Para un fogar unipersoal o limiar en 2008 é de 609,5 euros/mes, mentres que para un fogar composto por dous adultos (1,5 unidades de consumo) o limiar é de 914,2 euros/mes (1,5*609,5).

Limiar monetario de pobreza segundo a composición do fogar. Galicia. Ano 2008

Euros


	Galicia
Fogar composto por unha persoa	609,5
Fogar composto por dous adultos	914,2
Fogar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos	1.279,9

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Por provincias, a taxa máis alta corresponde a Ourense (21,7%) e a máis baixa á Coruña (12%). Con respecto ao ano 2007, diminúe a taxa de risco de pobreza en Lugo e Pontevedra (1,8 e 2,9 puntos porcentuais, respectivamente) e aumenta na Coruña e en Ourense (0,3 e 2,6 puntos).

Taxa de risco de pobreza. Galicia e provincias. Anos 2007 e 2008

Porcentaxe




Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

En 2008 o 41,4% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 47,6% con dificultade e o 11% restante con moita dificultade.

Por áreas xeográficas, na área de Caldas-O Salnés o 70,41% dos fogares teñen dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes. Pola contra, na área sur de Ourense esta porcentaxe é do 47,6%.

Porcentaxe de fogares con dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes. Áreas. Ano 2008



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Para os sete grandes concellos, A Coruña, con 2.406 euros, é o que presenta o maior ingreso medio mensual por fogar, mentres que os máis baixos corresponden a Ferrol (1.983 euros) e Ourense (2.068 euros).

Por outra banda, o 75,8% dos ingresos dos fogares residentes no concello de Lugo proceden do traballo. No concello de Ferrol esta porcentaxe sitúase no 54,9%. Neste concello o 30,6% dos fogares teñen ingresos que proceden unicamente de prestacións.


Ingresos dos fogares. Grandes concellos. Ano 2008

Número e porcentaxes

	Concellos						
	A Coruña	Santiago de Compostela	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Ingreso medio mensual por fogar (€)	2.406	2.388	1.983	2.347	2.068	2.223	2.283
Estrutura de ingresos dos fogares (%)							
Traballo conta allea	58,2	64,8	48,8	63,6	62,1	61,6	65,7
Traballo conta propia	9,3	9,4	6,1	12,2	11,0	11,3	8,1
Prestacións	27,5	21,2	39,5	21,0	24,8	24,0	22,8
Rendas e outros ingresos	5,1	4,5	5,7	3,2	2,2	3,2	3,4
Taxa de risco de pobreza (%)	7,8	10,9	13,4	11,1	16,3	12,8	11,1
Porcentaxe de fogares nos que os ingresos por prestacións representan máis do:							
50% do total dos seus ingresos	36,6	26,5	45,2	28,8	33,6	29,1	29,9
75% do total dos seus ingresos	27,4	20,1	38,5	21,9	27,7	20,6	24,2
100% do total dos seus ingresos	22,7	15,8	30,6	18,3	23,2	17,2	19,9

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Ingreso medio mensual por fogar. Áreas. Ano 2008



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Gastos dos fogares

O 20,7% dos fogares galegos ten gasto en hipoteca da vivenda principal, cun gasto medio de 462,1 euros ao mes. Por provincias, A Coruña é a que conta cunha maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca (23,3%) e Pontevedra é a que rexistra un maior gasto medio mensual neste concepto (484,3 euros/mes).

No tocante ao aluguer, o 9,8% dos fogares teñen gasto en aluguer da vivenda principal e o gasto medio mensual, unha vez descontadas as axudas, sitúase en 278,7 euros ao mes. Por provincias, Pontevedra é a que presenta unha maior porcentaxe de fogares con gasto en aluguer (11,7%) e o maior gasto (305,8 euros/mes)

Gasto dos fogares en aluguer e hipoteca da vivenda principal. Galicia e provincias. Anos 2007 e 2008

Porcentaxes e euros

	Hipoteca da vivenda principal				Aluguer da vivenda principal			
	Porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca		Gasto medio mensual en hipoteca (€)		Porcentaxe de fogares con gasto en aluguer		Gasto medio mensual en aluguer (€)	
	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008
Galicia	20,7	20,7	462,7	462,1	10,6	9,8	288,0	278,7
A Coruña	23,1	23,3	461,1	462,0	12,0	9,8	279,2	277,6
Lugo	18,4	17,5	406,8	426,0	8,0	8,3	253,1	211,5
Ourense	12,8	14,3	457,1	424,8	8,7	6,6	270,6	249,4
Pontevedra	21,9	21,4	485,4	484,3	10,7	11,7	317,1	305,8

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Dentro dos sete grandes concellos galegos, Lugo é o que conta cunha maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca da vivenda principal (32,9%). O maior gasto medio en hipoteca rexístrase en Santiago de Compostela (533,9 euros/mes).

Respecto ao aluguer da vivenda principal, a maior porcentaxe de fogares con este gasto dáse no Concello de Vigo (22,5%) e o gasto medio mensual máis elevado en Santiago de Compostela (370,7 euros/mes).

Gasto dos fogares en aluguer e hipoteca da vivenda principal. Grandes concellos. Ano 2008

Porcentaxes e euros

	Hipoteca da vivenda principal		Aluguer da vivenda principal	
	Porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca	Gasto medio mensual en hipoteca (€)	Porcentaxe de fogares con gasto en aluguer	Gasto medio mensual en aluguer (€)
A Coruña	23,4	488,1	17,0	306,6
Santiago de Compostela	16,9	533,9	15,1	370,7
Ferrol	27,0	393,6	13,2	163,5
Lugo	32,9	443,7	12,5	262,5
Ourense	21,0	461,8	13,8	264,2
Pontevedra	23,8	456,8	14,6	297,7
Vigo	23,9	515,6	22,5	316,7


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Fogares con aforro en alimentos ou reparacións

En 2008 o 47,7% dos fogares galegos manifesta ter aforro en alimentos, xa sexa porque os produciu o propio fogar ou ben porque llos regalou algún familiar ou amigo. Nos municipios de menos de 10.000 habitantes esta porcentaxe sobe ata o 69,3%, mentres que nos municipios de máis de 50.000 habitantes acada o 28,4%.

Fogares con aforro en alimentos ou reparacións segundo o tamaño do municipio. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

O aforro en alimentación refírese a que os produciu o fogar ou ben llos regalou algún familiar ou amigo.

O aforro en reparacións refírese a tarefas como pintar, reparar avarías, facer ou montar mobles, etc realizados por algún membro do fogar e que supuxeran un aforro estimado de máis de 500 euros anuais.

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&idioma=gl&tema=1030&paxina=003002001>

Resultados detallados en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205002006

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>